

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

# PINTAMOS MOITO!



C.E.I.P. MILLADOIRO (MALPICA DE BERGANTIÑOS)

CURSOS 2015/16 - 2016/17

# 1. Introducción

Este proxecto nace no **C.E.I.P. Milladoiro**, un centro pequeno (181 nenos/as matriculados no presente curso 2016/17) situado nun pobo mariñeiro da Costa da Morte, Malpica de Bergantiños. Ubicado na provincia de A Coruña conforma, xunto con outras localidades, a comarca de Bergantiños. Na actualidade ten aproximadamente 3.000 habitantes, presentando unha tendencia á diminución progresiva da poboación que parece imparable nos últimos vinte anos. A capital do pobo é Malpica, lugar onde se atopa o colexio, pero tamén ten outros núcleos de poboación importantes como o pobo alfareiro de Buño e a aldea de Mens.

Buscamos unha liña de traballo na que as nosas propostas sexan sempre curriculares, avaliábeles dentro das programacións de actividades e contidos das aulas. Este enfoque traballa a favor de todos: das dinámicas da pedagogía baseada en proxectos (PBP), do profesorado e tamén, e o máis importante, do alumnado, que recibe propostas de traballo ALFIN con enfoque curricular e coa *seriedade e importancia* do traballo curricular e avaliábeles. O noso modelo é chegar a ser **unha Escola Bibliotecaria**. É por isto que a nosa Biblioteca Escolar (BE) constitúe a columna vertebral do centro e calquera iniciativa, organización do currículo, proxecto... que nace entre nós ten sempre como referencia básica a existencia dun centro de recursos documentais organizado e ben dotado.

Así leva sucedendo varios cursos onde a BE leva sendo eixe vertebrador de Proxectos Documentais Integrados (PDI) como: *Comer e contar, oficios tradicionais, contos clásicos...* No pasado curso 2015-2016 iniciamos o proxecto **Pintamos moito!** (aprobado en Claustro en xuño de 2015), continuando no presente curso 2016-2017 dada a gran amplitude de posibilidades e recursos que este tema permite. É un proxecto que levouse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (19 mestres/as) e todo o alumnado (181 nenos/as). As actividades parten maioritariamente da BE sendo estas sempre apoiadas, completadas, enriquecidas e sustentadas polos titores (mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas), dos mestres especialistas (que realizaron diferentes actividades como a mestra de Música con actividades de música e arte, a mestra de inglés coa tradución de textos artísticos...) e o resto de sectores da Comunidade Educativa que participaron en todas as actividades propostas.

Consideramos a educación artística como unha parte esencial do proceso educativo onde o produto final está subordinado o proceso creador. O importante é a evolución do neno e da nena, o seu pensamento, os seus sentimentos, as súas percepcións, en resumo, as súas reaccións fronte ao medio. Desta maneira, e tendo en conta cas diferentes manifestacións artísticas forman parte do noso día a día, traballamos a pintura dende unha perspectiva multidisciplinar, considerando a arte como unha linguaxe universal, como unha expresión, unha cultura... e pescudando fomentar a actitude creadora e creativa entre o alumnado.

## 2. Mapa curricular

Todos estes aspectos pedagóxicos quedan recollidos de maneira curricular no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, e no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, pola que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia*, sendo sempre o punto de partida do noso traballo. Desta maneira, baseándonos nos obxectivos xerais de etapa, recollidos nos decretos mencionados, plantexámonos os seguintes **obxectivos** a desenvolver neste proxecto:

- Expresar e comunicar, a través de producións plásticas variadas, feitos, vivencias, situacións, emocións, sentimentos e fantasías.
- Incrementar a percepción visual e a destreza manual mediante a observación.
- Desenvolver a iniciativa e a satisfacción nas producións propias e os intereses por comunicar proxectos, procedementos e resultados nas súas obras plásticas.
- Explorar e empregar de forma creativa diversas técnicas, materiais e útiles para a Expresión Plástica.
- Experimentar con algúns dos elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo) para descubrir novas posibilidades plásticas.
- Diferenciar a gama de cores, identificando as cores primarias das complementarias, as frías das cálidas... experimentando coa mestura de cores para a realización de producións creativas.
- Participar na realización de actividades colectivas, mostrando ademais interese polas elaboracións plásticas propias e dos demais.
- Recoñecer e observar obras de arte relevantes e coñecidas de artistas famosos.
- Interpretar e valorar diferentes tipos de obras plásticas presentes no entorno.
- Aplicar os coñecementos aprendidos sobre a arte en cada un dos seus traballos.
- Promover valores como a orden, a limpeza, a organización e o respecto de tempo e quendas.
- Valorar as creacións persoais e as dos compañeiros e compañeiras cunha actitude crítica e respectuosa.

Unha das principais novidades do actual currículo é a incorporación das competencias básicas introducidas na *LOE*, e recalcada a súa importancia na *LOMCE* renombrándoas como **competencias claves**. Estando presentes neste proxecto da seguinte maneira:

\_ **Competencia lingüística:** crear entusiasmo pola lectura e a escritura; adquirir vocabulario específico; recoñecer as características do informe, a descrición, o texto instrutivo, o texto electrónico e a exposición oral como xéneros textuais diferenciados; elaborarllos; reflexionar sobre aspectos gramaticais e ortográficos da linguaxe escrita; tamén sobre as singularidades da exposición oral e ampliar o propio

vocabulario.

\_ **Competencia dixital:** crear carpetas; empregar o procesador de textos; gardar documentos; facer uso de, alomenos, dous navegadores (Firefox, Explorer, Opera,Chrome...); capturar imaxes e inserilas respectando a ética das publicacións; usar o correo electrónico; crear un caderno electrónico; crear un arquivo de voz; publicar no blogue de curso seguindo as pautas do texto electrónico.

\_ **Competencia no tratamento da información:** aprender a realizar pescudas eficaces; localizar a información pertinente; recollela respectando a ética das publicacións; seleccionar os documentos; empregar diferentes tipos de textos (icónicos, discontinuos...); tratar a información; presentala e comunicala empregando diferentes formatos de restitución.

\_ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** usar de modo eficaz as medicións para poder representar obras en tamaño real; construír liñas temporais; traballar diferentes elementos lóxico-matemáticos (formas xeométricas, cores...) dentro das obras artísticas; fomentar procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas.

\_ **Competencia para aprender a aprender:** prantexarse preguntas; saber transformar a información en coñecemento; adquirir autoconfianza así como o gusto por aprender; recoñecer as diferentes fontes de información e aprender a usalas segundo a súa idoneidade; aplicar novos coñecementos a diferentes contextos; valorar as fontes orais; familiarizarse cos tópicos documentais (en liña e en papel) que permiten búsquedas eficaces.

\_ **Competencia para a conciencia e expresións culturais:** aprender a identificar e valorar a diversidade cultural; mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través das artes plásticas; tomar conciencia das manifestación artísticas do seu entorno.

### **3. Descrición do proxecto**

No pasado curso 2015-16 comezamos un proxecto interdisciplinar empregando a PINTURA como tema que nos uniu, servindo de nexo transversal para traballar entre todos os niveis. Considerámolo un tema tan importante, con tanta riqueza e que aportaba tanto que continuamos e afianzamos o traballo sobre a arte no presente curso 2016-2017; e máis tendo en conta que o profesorado contaba con máis proxectos, tanto a nivel de aula como de centro, para desenvolver en torno a este gran centro de interese.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso 2015. Unha vez aprobado polo Claustro foi este equipo quen coordinou e organizou as diferentes actividades levadas a cabo durante estes cursos, pero o obxectivo final era que o profesorado

adaptase devandita temática, aportando o seu enfoque persoal e estilo didáctico, para integrala na didáctica da súa aula formando parte da programación. Aínda así, o equipo de Biblioteca ofreceu diferentes posibilidades de enfoque: podendo escoller un pintor, un estilo, unha época histórica...

Así o fixo tamén o Equipo de Biblioteca á hora de achegar propostas de traballo con motivo das diferentes datas a celebrar en común. Estes cursos foron: o Samaín (as emocións, o medo, as personaxes tenebrosas...), a Paz (pinturas que celebran a Paz e mostran os desastres provocados polas guerras... pintores ligados a épocas históricas marcadas polos conflitos bélicos, exiliados...), Día da Muller Traballadora (pintoras e pintores que reflectiron o traballo das mulleres nos seus cadros), mes das Letras (propostas naquilo que nos caracteriza, nos pintores e pintoras galegos, nas nosas pinacotecas...). Tamén viraron sobre a pintura a [celebración do Entroido](#) con especial relevancia para os disfraces escollidos, que foron representativos do tema que se traballou curricularmente co fin de encheiros de sentido, así tivemos disfraces varios dende as Meninas de Velázquez, os personaxes do circo de Botero, ladróns de cadros de Luís Seoane, os Arlequíns de Picasso, utensilios de pintura ou contos cheos de cor (O monstro das cores).

## 4. Documentación elaborada para á comunidade educativa

**Formación do profesorado** para proxectos integrados:

- Alfabetización informacional dende a biblioteca escolar. *A escrita: vida escolar e vida real* (publicado no nº11 da revista ENSAIO, abril 2012).
- Aprender a buscar na rede con eficiencia que orientará ás pescudas eficientes na web.

Documentos para o **profesorado** para o desenvolvemento do proxecto:

- Plan lector.
- Itinerarios lectores relacionados con cada unha das actividades do proxecto.
- Exposición de libros relacionados coa arte.
- Guía de tarefas concretas a realizar en cada momento do curso relacionadas co proxecto.
- Calendario de actividades.
- Información no blogue que completa as actividades propostas e aporta recursos para enriquecer cada unha delas.
- Dossier de organización para cada unha das conmemoracións que se celebran no centro e relacionamos coa pintura (Samaín, Día da Paz, Día da Muller Traballadora, Entroido, Mes das Letras).
- Manual para empregar as TIC (programa Aurasma, códigos QR, Chroma...) que ampliaron as actividades artísticas.

Para o **alumnado**:

- Guía de lectura con recomendacións relacionadas coa arte.

- Carteis e murais.
- Expositor anual na biblioteca con libros relacionados coa pintura.
- Mochilas viaxeiras e bolsiñas de préstamos semanais con libros de arte así como contos da mesma temática.
- Libros de consulta na biblioteca que recollen as actividades realizadas.
- Murais sobre os concursos de pinturas que aportan o cadro, o pintor, o ano e o lugar actual onde se atopan.
- Rutas polos corredoiros e guías para o alumnado de 6º.

## 5. Metodoloxía

Seguimos unha metodoloxía totalmente participativa e activa, onde os cativos foron autónomos na elaboración de todas as producións plásticas, o cal fomentou a responsabilidade, a autoestima positiva xa que obtiveron un produto final compartido moitas veces coas familias, traballamos a axuda mutua, a colaboración, a corresponsabilidade... As **obras de arte** elaboradas foron, ás veces, distintas segundo a aula, en función das necesidades en cada momento, pero sempre empregando como punto de partida a actividade establecida polo Equipo de Biblioteca.

No traballo previo a elaboración dunha actividade plástica, na asemblea, todos deron as súas opinións, expuxeron dúbidas, hipóteses, e cumpriron maioritariamente as normas que rexen as asembleas (escoitar, quendas, razoamentos, respecto das opinións diversas...). Tanto no traballo de investigación na biblioteca como o traballo plástico nas aulas, os alumnos/as estiveron dispostos en grupos de 4-5 en cada mesa, o profesorado estivo apoiando no momento preciso, pero deixando un tempo prudencial para que colaborasen entre eles e buscaran de forma creativa distintas solucións aos problemas.

### TEMPORALIZACIÓN

No mes de xuño de 2015, cando o Equipo de Biblioteca tiña que establecer as liñas prioritarias de actuación na Biblioteca para o curso 2015-16 propuxo a todo o Claustro o tema para o próximo PDI, que se decidiu por consenso.

En setembro, o equipo de biblioteca elaborou un calendario co desenvolvemento do proxecto, que se iniciou coa elección de dous pintores a traballar ao longo do curso por parte de cada titor/a, sendo un deles un pintor/a galego. A liña de traballo baseouse na aproximación á temática con actividades motivadoras, seguida pola elaboración de investigacións e proxectos artísticos nas diferentes aulas e finalmente a preparación de exposicións dos traballos realizados polas zonas comúns do colexio.

A segunda fase tivo lugar en xuño 2016 cando o Equipo de Biblioteca propón a continuación do proxecto pola amplitude de contidos que abarca, polo que se avaliou o proxecto realizado durante este curso e

propuxéronse medidas para ampliálo e desenvolver diferentes liñas de traballo para o vindeiro curso 2016-17. Desta maneira, en setembro comezamos traballando coa mascota da biblioteca, Leo, sendo ela a que propuxo as actividades para todo o curso. Solicitouse unha maior colaboración das familias para cada unha das actividades e tamén unha maior participación por parte do resto de equipos do centro. Finalmente, realizouse unha exposición de todo o traballo elaborado e avaliación do proxecto en sesión de Claustro.

## RECURSOS

Na biblioteca estiveron expostos os libros de consulta e narrativa sobre pintura, na fase de investigación os alumnos e alumnas empregaron de maneira autónoma materiais impresos e medios dixitais, xa que no blogue están enlazados os recursos imprescindibles. Dada a imposibilidade de recoller a totalidade de recursos bibliográficos e dixitais empregados durante o proxecto, destacamos os seguintes:

### Material bibliográfico

- D´HARCOURT, C. (2004). *Mirar con Lupa*. Barcelona: El Aleph Editores.
- JABATO, M<sup>a</sup> J. (2014). *Gorigori*. Orihuela: Factoría K de libros.
- MARTÍN, G. (2013). *Arte para niños* (5ª Edición). Barcelona: Parramón.
- MAYHEW, J. (1997). *Carlota descubre a los impresionistas*. Barcelona: Editorial Serres.
- OBIOLS, M. e OLMOS, R. (2008). *O cadro máis bonito do mundo*. (2ª Edición). Pontevedra: Kalandraka.
- ROGERS, G. (2010). *Arte en acción*. Barcelona: Editorial Alcanto.
- VV.AA. (2004). *Van Gogh para niños*. Barcelona: Susaeta.
- VV.AA. (2004). *Picasso para niños: un viaje divertido*. Barcelona: Susaeta.
- VV.AA. (2008). *Colección El sueño de...* Valencia: Ediciones Brosquil.
- VV.AA. (2013). *Colección Descubriendo el mágico mundo*. México: Editorial Océano Travesía.
- WOLFE, G. (2006). *¡Mira! La luz en el arte*. Barceola: RBA Libros.

### Recursos dixitais

[El arte es cosa de niños](#)

[Enciclopedia de pintura](#)

[“El sueño de Dalí”](#)

[“El arte de Wassily Kandisky”](#)

[“El collage” \(EducaThyssen\)](#)

[Museo de Arte Contemporáneo Costa da Morte](#)

[Museo de Belas Artes de A Coruña](#)

[Museos de España](#)

[Museo Nacional del Prado](#) (audioguías infantiles)

[Proyecto de Arte](#) (visita virtual museos, obras...)

[Pintores de Galicia](#)

[“Los 101 pintores más importantes de la pintura occidental”](#)

[Crea novos cadros a partir de Van Gogh](#)

[Pinta coa túa paleta de pintura](#) (pinceis, chorreo, puntillismo...)

[A pintar...](#) (Museo de Belas Artes de Bilbao)

[Colorea, debuxa e imprime](#)

[Pinta, firma a túa obra e imprime](#)

## 6. Tarefas

Intentamos seguir en todas as actividades unhas liñas xerais, realizando unhas **actividades previas comúns** (coñecemento do espazo onde imos traballar, manipulación dos materiais, cumprimento dunha serie de normas, análise, fotografiado de momentos significativos de cada sesión...).

### a) Actividades concretas para cada tarefa:

1º Asemblea: que queremos ou que precisamos para realizar a tarefa.

2º Coñecementos previos: anotamos as ideas de como e que pensamos que precisamos.

3º Investigación: imos á biblioteca escolar, ao estante de arte e manualidades, e por pequenos grupos buscamos a tarefa ou pintor concreto. Ademais no blogue de Pintamos moito! existe un espazo creado con recursos e enlaces de interese relacionados coa arte e pintura, por exemplo para comezar este proxecto interdisciplinar acordamos presentar ao alumnado os [bits de intelixencia](#) sobre pintura colgados no blogue. Durante o curso tamén fixéronse diferentes exposicións de libros sobre arte e pintura dentro da biblioteca.

4º Materiais: miramos que materiais plásticos precisamos e como se realizará a tarefa, comprobando as ideas previas que tiñamos e modificando a lista final de materiais.

5º Comprobación: imos á aula de recursos a comprobar que materiais tiñamos e cales precisamos mercar, así como a cantidade necesaria dos mesmos.

6º Actividade: lectura colectiva da actividade, reparto das tarefas para coller os útiles e materiais precisos, elaboración da creación artística paso a paso.

7º Limpeza: limpeza e recollida dos materiais.

8º Exposición: dependendo da actividade os traballos expoñeranse nos corredores, nos murais dedicados a este fin, na propia aula... prestando especial atención as exposicións que se fixeron no I e no II Día da Familia.



## b) Tarefas Integradas

- [CÓNTAME UN CADRO...DE MEDO!](#): cada curso elaborou unha actividade de creación literaria (relato) a partir da interpretación persoal que se fixo dun cadro con temática de terror presentado na clase. O equipo de Biblioteca seleccionou unha serie de cadros de terror co fin de facilitar a labor de escoller. Finalmente realizouse unha exposición dos cadros co seu relato e un [libro electrónico](#) e en papel.
- [AUTORRETRATO](#): no mes de novembro, e tras o visionado dos bits, cada escolar fixo un autorretrato con técnica libre. Colgáronse nas paredes dos corredores, xa que no mes de xuño volveron a facer outro autorretrato aplicando todos os coñecementos adquiridos durante o curso e colgáronse a carón dos primeiros autorretratos para comparar a evolución do produto final en datas distantes.
- [ÁRBORES ARTÍSTICAS POLO NADAL](#): cada clase elaborou a súa árbore de Nadal, moitas delas decoradas cos cadros dos artistas seleccionados por cada aula.
- [MANOXO DE CORES POLA PAZ](#): para conmemorar o Día da Paz elaboramos unha árbore da paz entre todo o alumnado do centro seguindo como modelo o cadro *La Gerbe* (O monllo) de Henry Matisse. Cada escolar encheu unha folla da árbore con impresións do seu dedo índice e coa cor que lle correspondeu.
- [ROSALÍA DE CASTRO POR ANDY WARHOL](#): Para conmemorar o día de Rosalía de Castro, 24 de febreiro, todos os alumnos e alumnas do centro participaron na elaboración dun cadro da poeta seguindo a técnica de Andy Warhol.
- [CÁMBIACHE BEN O CONTO](#): cada aula seleccionou un cadro dos pintores elixidos para a PDI ou un dos cadros propostos dende o Equipo de Biblioteca. O obxectivo desta actividade foi observar como cambia o cadro segundo as cores que se empreguen para facelo (frías ou cálidas), previamente visionamos o [vídeo explicativo](#) colgado no blogue. Unha vez pintado o cadro nestas dúas versións, cada aula inventou de forma grupal unha narración para cada un deles.
- [AS MULLERES TRABALLADORAS NA PINTURA](#): os nenos de 1º traballaron a Viki Rivadulla, 5º E.I. as mulleres traballadoras do circo que aparecen nos cadros de Botero, 5ºA as mulleres traballadoras que aparecen nas obras de Luis Seoane e 6º a vida e a obra de Maruja Mallo. Durante a semana do 6 ao 10 de marzo cada unha destas aulas fixo a exposición do traballo ós seus compañeiros/as na biblioteca na hora de ler.
- [CONCURSO DE CADROS MISTERIOSOS](#): durante o presente curso o equipo de biblioteca organizou varios concursos sobre arte. O alumnado do segundo e do terceiro ciclo de primaria tiñan que adiviñar de cada cadro quen o pintou, en que ano, o seu título e onde se atopa na actualidade.

Ademais, en colaboración co equipo TIC, ampliamos a actividade descubriendo a fotografía da pintora coa aplicación do AURASMA, que permitíanos resolver o concurso con mais facilidade.

- [GORIGORI](#) (poemas creados a partir de grandes pintores): cada alumno/a elaborou un poema de creación propia a partir dos cadros dos pintores que estamos traballando. Esta actividade está baseada nun libro chamado GORIGORI de Kalandraka.
- [MUSEO MILLADOIRO](#): cada aula escolleu un cadro e reproducíuno na porta da súa clase. Esta actividade foi pensada para completar a exposición de traballos artísticos que as familias poderán visitar no II Día da Familia e converter o noso centro nun auténtico museo.
- ACTIVIDADES DE AULA: como sinalamos no punto 3 o obxectivo final era que o profesorado adaptase as actividades propostas dende a BE a súa programación. Proba delo foron as múltiples tarefas integradas que se levaron a cabo nas aulas partindo das propostas feitas polo equipo de Biblioteca e mesmo desenvolvéronse proxectos que incluíron as actividades a realizar fiando todas elas en torno a un mesmo centro de interese e con diferentes produtos finais. Especialmente destacables foron:
  - As investigacións e traballos que realizaron sobre pintores tan salientables como: [Archimboldo](#), [Van Gogh](#), [Matisse](#), [Seoane](#), [Andy Warhol](#), [Velázquez](#), [Frida Khalo](#), [Leandro Lamas](#), [Miró](#), [Paul Klee](#), [Munch](#), [Pollock](#), [Picasso](#), [Botero](#), [Maruja Mallo](#), [Toulouse-Lautrec](#)...
  - O proxecto de [“Peteiro a Manuel María”](#) relacionando pintura e poesía, do alumnado de 2º.
  - Traballos artísticos e creacións nas que se combina a luz, as formas e as cores empregando a [caixa de luz](#).
  - O traballo exhaustivo do alumnado de 1º sobre a figura de [Viki Rivadulla](#).
  - O [proxecto Malpica](#) desenvolto pola aula de 1º no presente curso.
  - Enriquecemento de cadros de [Dalí e Urbano Luguís](#), con moita información significativa que lles aportaron os alumnos e alumnas de 6º.
  - Ilustración de diversos [contos](#), como por exemplo “Feliz feroz, o lobiño riquiño” ou “As redes de Inés”. Para a súa elaboración os nenos e nenas do primeiro ciclo ilustraron con diversas técnicas, aprenderon os textos, gravaron as voces... obtendo resultados moi elaborados.
  - [O vidiodiccionario](#) de pintura dos alumnos de 5º de Educación Primaria.
  - Elaboración da [liña do tempo](#) dos estilos artísticos.
  - [Pictopoemocionario](#) que elaboraron os alumnos de 6º de E.P., onde resaltaron as emocións que caracteriza a cada cadro e expresárona de maneira poética.
  - Os alumnos/as de 6º de Educación Primaria realizaron a tarefa de investigar sobre diversos cadros e interpretalos para dar a coñecer toda a información adquirida, dando lugar a actividade [“Si los cuadros hablaran”](#).

- Ademais de empregar nos traballos [técnicas](#) moi diversas, como por exemplo: collage, puntillismo, composicións, estampación con tapóns, con bastoncillos, con palillos, con algodóns, uso de espuma de afeitar, de sal, de canicas, acuarela, goteo (dripping)...

### c) Actividade final

[EMOCIONARTE!](#): para culminar todo o traballo levado a cabo durante estes dous anos en torno a pintura, realizamos unha actividade final onde combinamos arte, música, emocións e TIC. Cada titor/a elixiu un cadro que escenificara unha emoción, na materia de música cada clase escolleu unha música representativa para esa emoción e o equipo TIC encargouse de facer un código QR para cada cadro, desta maneira cada clase foi coa tablet descubriendo as músicas ocultas en cada cadro e tamén as descubriron a través da [páxina web](#) creada exclusivamente para esta actividade, que recolle o cadro, a emoción e a música. Finalmente, cada aula representou o cadro elixido no Chroma e montouse un vídeo final con todos os cadros e músicas que proxectamos no Centro Cívico o último día de clase conmemorando o II Día da Familia.

## 7. Implicación da comunidade educativa

O Equipo directivo e o Claustro no seu conxunto apoia firmemente todas as actividades propostas dende a Biblioteca Escolar. Da colaboración de todos estes sectores, demóstrao o feito de que boa parte do curso traballamos conxuntamente tres equipos: Biblioteca, Normalización e Dinamización da Lingua Galega e TIC. O conxunto do profesorado implicouse nas actividades propostas dende a xuntanza de Dinamizadores ata levar as súas programacións de aula as propostas de ALFIN. Puxemos un coidado especial en que tódalas nosas propostas inclúsen actividades relacionadas coa pescuda de información. Para elo, seguimos a elaborar plantillas para avaliar produtos ALFIN que se suman ás xa producidas en cursos anteriores.

A importancia da elaboración deste Proxecto Integrado, Pintamos moito!, reside en que o profesorado síntese embarcado na mesma aventura con moitos puntos didácticos que compartir, o mesmo cos escolares que tamén sinten este vínculo aunando actividades e ademais, para toda a comunidade educativa é importante porque fai nacer demandas moi fundamentadas (*como podo publicar...?, Que ferramentas/recursos podo usar...?, Como podo organizar...?*) sempre no fío das actividades artísticas e o centro de interese proposto.

Por outra banda, as familias, e especialmente a ANPA, colaboraron sempre que o solicitamos en todas as actividades realizadas no centro e tamén dende as súas casas coa aportación de recursos materiais, dos seus coñecementos e habilidades...

Tamén é salientable a participación doutras persoas e asociacións que de maneira desinteresada aportaron coñecementos e materiais moi valiosos para o crecemento deste proxecto artísticos. Destaca [Viki Rivadulla](#)

que nos explicou todo o seu traballo polo Día da Muller Traballadora e nos visitou o último día de clase para coñecer o traballo que realizaron arredor da súa figura o alumnado de 1º E.P.; o mestre [Xurxo Alfeirán](#) que compartiu os seus coñecementos sobre a figura do pintor Urban Lugrís e a súa estadía en Malpica; o artista carballés [Mon Lendoiro](#), que elaborou un mural na entrada exterior do centro coa colaboración de todo o alumnado e que invítanos a soñar, a crecer, a superarnos... Ademais de agradecer a colaboración de museos, asociacións e entidades culturais que nos recibiron e enriqueceron o noso proxecto: o museo de [Belas Artes](#), a casa museo Picasso e o museo de [Arte Contemporáneo](#) de A Coruña, [Ecomuseo](#) Forno do Forte de Buño, [Fundación María José Jove](#), exposición urbana en Carballo do proxecto [“Derrumbando muros coa pintura”](#), visita á exposición [“A cantiga de Buserán”](#) de Viki Rivadulla en O Couto, entre outros.

## 8. Difusión

Para dar a coñecer todos os traballos artísticos realizados ao resto da comunidade educativa empregamos, principalmente, o blogue (<http://pintamosmoito.blogspot.com.es/>) creado coa finalidade de que todas as persoas poidan ter acceso, en calquera momento, as actividades que día a día se realizan, comprobar os avances conseguidos, os diferentes contidos traballados... Do mesmo xeito, tódalas fotos, vídeos, montaxes, recursos ... atópanse aloxados no blogue de Infantil, nos correspondentes de Primaria e no da Biblioteca, xa que cremos na globalidade da educación, considerando que a Educación Artística ten que formar parte das actividades diarias das aulas. Os blogues do noso centro son os que seguen:

- ❖ Biblioteca: [www.bemilladoiro.blogspot.com.es](http://www.bemilladoiro.blogspot.com.es)
- ❖ E. Infantil: [www.cativosmilladoiro.blogspot.com.es](http://www.cativosmilladoiro.blogspot.com.es)
- ❖ 1º e 2º cursos de E. Primaria: [www.picarosmilladoiro.blogspot.com.es](http://www.picarosmilladoiro.blogspot.com.es)
- ❖ 3º e 4º cursos de E. Primaria: [www.denaufragosanavegantes.blogspot.com.es](http://www.denaufragosanavegantes.blogspot.com.es)
- ❖ 5º e 6º cursos de E. Primaria: [www.malpicamil.blogspot.com.es](http://www.malpicamil.blogspot.com.es)

Ademais, os diferentes proxectos que se desenvolven no centro, xa sexan de maneira global, de ciclo ou de aula, teñen a súa repercusión na páxina web do centro, quedando o proxecto Pintamos moito! tamén recollido no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmilladoiro/>

Por outra banda, convertemos o CEIP Milladoiro nun gran museo, xa que todos os corredores, a entrada do centro e calquera parede que tivera un oco dispoñible, albergaron as obras artísticas que cada clase facía individualmente ou que colectivamente facíamos todos xuntos, como por exemplo o mural POP ART de Rosalía de Castro ou o “Manoxo” de Henri Matisse que presiden a entrada. Ademais, tamén completamos as informacións sobre os artistas e as súas obras a través de códigos QR.

Para dar a coñecer ás familias os traballos de maneira directa elaboramos diferentes libros impresos, como por exemplo Cántame un cadro de medo, que poden consultar na Biblioteca, e creamos o Día da familia,

onde proxectamos no centro cívico un [vídeo resumo](#) das actividades realizadas neste proxecto e visitaron o centro guiados polo alumnado de 6º de Educación Primaria.

## 9. Avaliación

Este Proxecto Artístico, tiña como obxectivo principal presentar un tema de traballo común que permitira desenvolver as competencias claves e fora un centro de interese atractivo de traballo. Polo tanto, non só avaliamos as aprendizaxes do noso alumnado que cada profesional xa fixo individualmente dentro da súa programación, senón que avaliamos tamén o proxecto na totalidade, facendo unha valoración principalmente da nosa propia práctica educativa.

**a) Avaliación do alumnado:** para avaliar as aprendizaxes adquiridas polos nosos alumnos empregamos diversos recursos: relación de ítems reflectidos nas programacións de aula dos diferentes niveis, de forma co traballo na biblioteca non é algo illado da práctica educativa de cada día, e pediuse que cada titor avaliara os seguintes aspectos:

- Participaron de forma creativa en tódalas as actividades propostas.
- Gozaron pintando e empregando diversas técnicas plásticas.
- Foron autónomos e activos na busca de información e planificación de todo o proceso.
- Traslادaron os contidos doutras áreas (lingüística, matemática, ciencias...) para analizar diferentes cadros.
- Avanzaron na estruturación temporal pola secuenciación de pasos a seguir para a elaboración dunha produción artística.
- Empregaron axeitadamente e aproveitaron os recursos proporcionados.
- Colaboraron e traballaron en equipo, prestando axuda ou solicitándoa.
- Ampliaron os seus coñecementos artísticos abarcado diversos temas: épocas pictóricas, estilos, pintores, técnicas...
- Mantiveron unha actitude motivadora no proceso de desenvolvemento do proxecto.

**b) Avaliación do proceso:** a avaliación da nosa práctica educativa e de todos os aspectos que nela interveñen foi algo moi importante e que realizamos moi a miúdo, podendo modificar desta maneira diversos aspectos e mellorando en cada unha das actividades. Polo tanto, avaliamos durante o proxecto a nosa propia práctica educativa, o nivel organizativo, a implicación da comunidade e o nivel de difusión buscando mellorar o rendemento e adecuar todo o proceso para poder sacarlle o máximo partido e mellorar para os futuros proxectos. Algúns dos aspectos que tivemos en conta dentro deste punto foron:

- Nivel de implicación do profesorado e das familias e número de participantes.
- A participación conxunta de toda a comunidade educativa permitiu un mellor coñecemento dos diversos aspectos artísticos por parte do alumnado.
- Acadáronse os obxectivos propostos e estes adecuáronse a cada uns dos niveis.

- Os contidos estiveron axeitadamente estruturados e secuenciados.
- Contribuíuse ao desenvolvemento das competencias básicas.
- O deseño das actividades permitiron un maior coñecemento da temática por parte dos alumnos.
- Os recursos materiais adecuáronse o espazo e foron axeitados en calidade e en cantidade.
- Os tempos establecidos foron suficientes para desenvolver as actividades de xeito autónomo.
- A implicación e a coordinación cos diferentes equipos foi efectiva e axudou a acadar os obxectivos.
- O resultado da investigación chegou a toda a comunidade educativa.
- O persoal alleo ao centro que participou adecuou as súas intervencións a idade dos alumnos.
- As canles de difusión do proxecto foron axeitadas e suficientes.

**c) Valoración final:** hai que ter en conta que, deixando aparte o valor implícito da adquisición de coñecementos polo alumnado do tema obxecto do proxecto, neste caso a ARTE, o esforzo centrouse fundamentalmente no proceso de traballo seguido polo alumnado para adquirir eses coñecementos. Neste aspecto a nosa valoración é francamente positiva debido o alto nivel de implicación de todas as partes e as elaboradas actividades que se propuxeron e se realizaron cun rendemento e unha motivación que dá por altamente cumpridos todos os obxectivos propostos.

## 10. Función e participación da biblioteca

Para entender cal foi a función e participación da biblioteca o primeiro que temos que recordar é co obxectivo deste centro é chegar a ser unha **Escola Bibliotecaria**. Por isto, a nosa Biblioteca Escolar constitúe o eixe central do centro, lugar de recursos, de traballo, de investigación, de nacemento de ideas, de deixar voar a imaxinación, a creatividade, de pescuda de información, de crecemento de coñecementos... Por iso dela nace propostas tan valiosas e enriquecedoras como esta PDI, Pintamos moito! que non podería levarse a cabo sen ser apoiada, complementada, enriquecida e sustentada polo resto da Comunidade Educativa, pero estando sempre a base na Biblioteca Escolar. Os libros, tanto os de consulta coma os de literatura e os recursos documentais (tipoloxías textuais) están no cerne deste proxecto, sendo a fonte principal para as tarefas de investigación. Desta maneira, os cativos, ademais de gozar cos diferentes libros artísticos, investigaron autonomamente sobre os pintores, técnicas plásticas, épocas pictóricas, materiais..., tamén se foron familiarizando cos mecanismos de pescuda de información e progresando no seu traballo cognitivo.

Por todo isto, entre as previsións do Equipo Dinamizador da Biblioteca Escolar para o futuro próximo está a de ser cada vez máis eficaces no deseño de Proxectos Interdisciplinares. Considerando que a labor da Biblioteca Escolar é proporcionar os recursos precisos para que todos os alumnos/as poidan alcanzar con éxito o desenvolvemento de todas as competencias claves e, se é o caso, axudar no deseño da súa posta en práctica, xa que a biblioteca seguirá a volcándose co fin de facilitar recursos a demanda dos usuarios.